

Metamorfosis de unha casa Castrexa

POR

Xaquín Lorenzo Fernández

Un dos problemas máis intresantes que nos presenta a cultura dos castros é o tránsito das casas circulares a rectangulares.

A tendencia dos castrexos ás construcións circulares tense intentado explicar de moitos xeitos máis ou menos convincentes; en realidade parez que se trata, en resume, de considerar estas vivendas coma traducións en pedra das cabanas de madeira, construcións ambas que coeexisten en moitos poboados castrexos, como o demostra a existencia de fogares, sen máis restos de edificación, no meio das casas de pedra.

Mais non é iste o problema que eu matino analizar eiquí, senon outro até certo punto desconcertante: trátase dos esquinales das vivendas.

Cando a casa rectangular comenza a se introducir nos castros, en xeral en época tardía, os construtores castrexos enfrentáronse cun problema: o feitío dos esquinales.

A técnica, aparentemente sinxela de resolvelo por meio dos chamados *agullas* e *tranqueiros* era iñorada polos canteiros das citanias, que recurrían a sistemas máis ou menos inxenosos pra salvar esta dificultade.

De primeiras, limitáronse a faguer os edificios rectangulares, mais coas esquinas arredondadas por dentro e por fora ou samente por fora, eludindo así o problema, xa que iles coñecían ben a técnica das paredes curvas (Fig. 1, A-B). Tal é o caso de algunhas vivendas do castro de San Gibrán das Lás, entre outros.

No castro de Armea e na vila romana de Abelenda das Penas, os dous na provincia de Ourense, atopamos un intento de esquina aparentemente perfecto, mais que falla no aspecto técnico; trátase de dous muros que se artellan en ángulo recto,




Fig. 1

mais sen enlace antre si (Fig. 1, C). O sistema resulta falso, xa que os esquinales non teñen consistencia por falla de algúns elementos que os xungan.

Non deixa de ser interesante unha solución atopada por min na vila romana de Abelenda das Penas: un prisma de base coadrada forma a esquina e contra íl entestan os muros laterales en dúas caras contiguas. No exemplar que puiden examinar, a pedra do esquinaal tiña 1,50 mts de outo (Fig. 1, D); ñoro como serían as paredes máis arriba pois non atopei outros restos que permitisen determiñalo.

Un procedemento intermedio atópase no Castromao, en que dúas paredes entestan sen enlace, mais algunhas pedras de forma triangular cun lado curvo manteñen as formas arredondadas dos esquinales (Fig. 1, E).

Esí, por istes sistemas, van as casas circulares pasando a rectangulares deica chegar iste tipo a un comploto predomiño, xa en pleno periodo de romanización.

Un exemplo de iste tránsito a que me refiro apareceu no Castromao, preto de Celanova, na provincia de Ourense, nas derradeiras campañas das escavacións que elí estamos levando a cabo o Director do Museu Arqueolóxico de Ourense, D. Xesús Ferro Couselo, e mais eu (Figs. 2 e 3).

No sector norte de iste castro foi posta ao descuberto unha vivenda rectangular con vestíbulo, tamén rectangular, de esquinas arredondadas polo exterior, anque a correspondente á vivenda polo NE debía de estar feita por paredes que se axuntaban sen enlace, tal como sinalamos na figura 1, C.

Agora ben; cando se afondaron as paredes de esta vivenda apareceron por baixo de ela os cimentos de outra circular, sobor da que se asentaba a rectangular, aproveitando algúns dos seus elementos e tendo as dúas a mesma disposición de casa con vestíbulo (Fig. 1).

Duas particularidades son de notar na posta ao descuberto de esta vivenda:

A primeira é que apareceu cuberta por unha grande cantidade de pedras que procedían, non de ela, senon de unha coadrada que había a seu carón e na que se descubrira pouco denan-

tes unha «tessera hospitalis» do ano 132 p. C. A ruiña de esta casa e da outra é, pois, posterior o citado ano.

A outra novidade consistiu en que ao chegar aos cimentos da construción rectangular da casa que nos ocupa, apareceu unha pequena vasixa de barro que contiña 64 moedas romanas de prata e unha de ouro que corresponden ao periodo comprendido entre o século I a. C. e o I p. C. Elo ven a nos confirmar a datación amostrada pola «tessera» podendo sinalar prá ruiña destas construcións os meados do século II p. C.

Os restos atopados no edificio de que tratamos e as incidencias da escavación, permítennos refaguer a metamórfosis da vivenda do seguinte xeito:

En data que ñoramos foi construída unha vivenda circular con vestíbulo, tipo ben coñecido na cultura castrexa e que abonda no mesmo Castromao.

Algún dia indeterminado a casa circular foi substituída por unha rectangular, cecais polo mesmo propietario ou por outro, anque parez ser que se debeu o troque a unha millora na situación económica dos seus habitantes se xuzgamos polas moedas que alí estaban soterradas.

A nova casa fígo-se aproveitando o mesmo solar e algúns elementos da vella, asentando os muros rectos sobor dos circulares até onde foi posible; a ausencia de restos de tellas amostranos que a casa estaba cuberta con palla ou *colmo*.

Seguramente foi entón tamén cando se endousou o camiño fronteiro da casa, no que parez que se utilizaron algunhas pedras que semellan proceder da casa circular anterior, entre elas unha lousa partida que ten un lado curvo e um burato prao xiro do eixe de unda porta, o que amostra tratarse de unha lumieira.

O vestíbulo da nova vivenda ocupa o mesmo sitio que o anterior, mais un sector do correspondente a esta quedou fora e foi aproveitado pra escombreira, aparecendo níl unha grande cantidade de anacos de cerámica procedentes de vasixas de diversos grandores e formas. Un caso semellante de aproveitamento de un edificio anterior atópase tamén noutra casa do castro, anque neste non sexa doado ollar craramente e transformación da vivenda.

Xa dixeran que por riba de esta casa de que tratamos estaban os materiais procedentes da ruiña da edificación coadrada na que aparecera a «tessera»; é posible que fosen precisamente estes materiais os que ocasionaron o derrumbamento da vivenda cuia metamorfosis estamos a ollar. Logo, por calque razón, nin esta casa nin a outra foron refeitas; somentes así teñen razón de ser os dous achádegos referidos, xa que en caso contrario houberan sido retirados de elí ao seren deshabitados os edificios por haberse ido caíndo pouco a pouco, ou por seren abandonados polos seus moradores por outra razón calquer.

Esta vivenda amóstranos ben craramente como num intre determinado as casas de paredes curvas foron pasando a telas rectas.

Cecais non seña somentes a influencia de Roma, pois pode ser que xa denantes da conquista os castrexos figueran casas rectangulares, anque con esquinas curvas, pois o certo é que ñoraban a técnica do fetío dos esquinales.

Cando os romanos impoñen a sua cultura, as casas rectangulares vanse fagendo máis comúns e rematan por sobrepasar ás circulares pola sua abundancia, anque a substitución non se figo nun soio intre, senon que a nova técnica foi daprendida lentamente e non sen fracasos e vacilacións.

A casa do Castromao de que estamos a tratar preséntanos unha síntesis de iste proceso e de ehí o intrés que coído que apresenta prao estudo da cultura castrexa nunha das suas máis apaixonantes manifestacións: a das vivendas e os seus problemas.

Intervenção.

Prof. Santos Júnior.

Felicita o conferente pelo grande interesse da sua comunicação, na qual se reflectem as suas apuradas qualidades de observação e o cuidado com que realizou a escavação.





Fig. 2



Fig. 3